



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO TRES DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 3 de xullo de 2024, ás 13:3 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

María Josefa Álvarez Bugallo
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIRAS/OS AUSENTES

Constantino Fernández Vila

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación da acta da sesión do 19 de xuño de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a acta da sesión do 19 de xuño 5 de xuño por unanimidade.

2 Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións

Non hai asuntos.

3 Asuntos incluídos por urxencia

“Aprobación do modificado 1 do proxecto denominado: RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO (POS + 2023

O alcalde explica que é necesario incluír un punto na Orde do día da convocatoria porque é necesario avanzar nas obras por estar incluídas no POS+ 2023 e teñen que estar rematadas en prazo.

O presidente somete a urxencia a votación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes acordan aprobar a urxencia e, polo tanto, incluír a proposta na Orde do día da convocatoria por unanimidade de votos a favor.

O alcalde le a proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Aprobación do modificado 1 do proxecto denominado: RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO (POS + 2023).

Logo de ver o acordo plenario do 25/11/2022 polo que se aproba inicialmente o proxecto de RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO” (POS + 2023), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30511, en marzo de 2023. Posteriormente por RA 347/2023 aprobouse o seu refundido sendo o seu valor estimado de 135.538,47 euros, IVE Importe IVE: 28.463 euros.

Logo de ver a Resolución de Alcaldía número 562/2023 do 7 de xullo pola que se aproba o expediente de contratación da obra: RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO (POS + 2023), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30511, en marzo de 2023, sendo o seu valor estimado de 135.538,47 euros, IVE Importe IVE: 28.463 euros.

Logo de ver o acordo da XGL do 11/10/2023 onde se adjudica o contrato de obras denominado: <<SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO (POS+2023) EXPEDIENTE: 2023/C003/000002>>, á empresa MANTIDO, SL, polo importe de 131.065,70 euros, máis 27.523,80 de IVE, totalizando 158.589,50 euros, cun prazo de execución de 3 meses, e demais condicións da súa oferta, ó ser considerada a de mellor relación calidade prezo. Foron nomeados como director de obra Rubén Calvarro Ribadulla e coordinador de seguridade e saúde e director de execución a Adrián Carlos Laíño coas obrigas e facultades previstas na Lei de contratos do sector público.

Logo de ver a solicitude conxunta do contratista (Mantido S.L, representado por Martín Castiñeira Pérez) e o director de obra e responsable do contrato, Rubén Calvarro Rivadulla, do 10/04/2024 no que solicitan a suspensión total do contrato polos motivos expostos e autorización para redacción do modificado.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local do 10/05/2024 polo que se autoriza á redacción do modificado do proxecto.

Consta no expediente a presentación do modificado do proxecto número 1 con data 13/06/2024 por importe de 146.491,74€ (ive engadido), así como a acta de conformidade asinada pola empresa adjudicataria e polo director da obra, de data 17/06/2024, xunto co informe favorable do técnico de urbanismo do 14/06/2024.

Consta no expediente o informe de Secretaría favorable, de data 02/07/2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Considerando o disposto nos artigos 63, 153, 191, 203, 205 a 207 e 242 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; os artigos 97 e 102 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro; e o Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro.- Aprobación do modificado 1 do proxecto denominado: RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO (POS + 2023), redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30511, asinado o 13/06/2024, sendo o seu valor estimado de 121.067,55 euros, IVE: 25.424,19 euros, totalizando un importe de 146.491,74 euros..

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria e ó director da obra, para para proceder á formalización da modificación do contrato e proxecto de obras. Unha vez asinado que se proceda a levantar a suspensión do contrato reanudando a execución do mesmo, aportando a acta correspondente.

Terceiro.- Dar traslado do contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

O Alcalde/(Asinado dixitalmente)/Jose Manuel Mato Martínez”

A secretaria advirte que existe un erro material na proposta, no que se refire ao importe do proxecto, sendo de 145.155,17 euros e non 146.491,74.

O presidente somete a proposta a votación, tendo en conta a advertencia de secretaria, polo que a Xunta de Goberno Local aproba:

Primeiro.- Aprobación do modificado 1 do proxecto denominado: RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO (POS + 2023), redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30511, asinado o 13/06/2024, sendo o seu valor estimado de 119.962,95 euros, IVE: 25.192,22 euros, totalizando un importe de 145.155,17 euros.

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria e ó director da obra, para para proceder á formalización da modificación do contrato e proxecto de obras. Unha vez asinado que se proceda



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

a levantar a suspensión do contrato reanudando a execución do mesmo, aportando a acta correspondente.

Terceiro:- Dar traslado do contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 13:40h e eu redacto esta acta.

O presidente
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)
Antía Pena Dorado

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.